

## A Sanidade, máis preto

A carteira de servizos do HCV amplíase coa endocrinoloxía

# Consultas dende o 2 de xullo

ÁNGELES RODRÍGUEZ

A chegar a atención ao paciente e evitar os desprazamentos ao centro sanitario de referencia, en Ourense. Con este obxectivo vén de dotarse ao Hospital Comarcal Valdeorras (HCV) dunha nova especialidade: a endocrinoloxía. A partir do 2 de xullo o centro contará con este tipo de consultas, cuxa periodicidade irá incrementándose en función da demanda. “Abrir aquí a axenda desta especialidade supón que todos aqueles pacientes diabéticos, con patoloxías tiroideas, enfermidades de crecemento e enfermidades producidas por alteracións na alimentación, que por desgraza hoxe están aumentando bastante sobre todo na infancia, van a ter atención no propio Barco. Achegáselle unha consulta dunhas patoloxías que están en aumento e evítase que os pacientes teñan que ir ata Ourense”, explica Guillermina Agulla, xerente executiva do centro hospitalario valdeorras.

Tamén menciona o positivo labor desenvolvido ata agora por Primaria á hora de remitir aos pacientes ao especialista. “Atención Primaria fai aquí un traballo magnífico, define moi ben aos pacientes que son deri-

vables a Ourense, onde realmente ía aquel paciente que Primaria non podía resolver. Ata hoxe a derivación estaba perfectamente definida”.

Esta coordinación con Atención Primaria poderá mellorarse aínda máis ao contar coa especialidade de endocrinoloxía directamente no hospital, xa que os médicos de familia son os responsables directos, en moitos casos, da detección, diagnóstico e seguimento habitual dos pacientes, facilitando as interconsultas e a súa derivación dun a outro nivel asistencial. Ademais habilitarase aos centros de saúde da área de Valdeorras para que dende eles se poda xestionar directamente a citación no HCV desas consultas de endocrinoloxía, o que evitará tamén desprazamentos aos usuarios.

“Contar cunha consulta de endocrinoloxía en Valdeorras é un gran avance para o paciente porque lle estamos achegando a atención sanitaria”, asegura a doutora Iria Pinal, responsable desta nova especialidade no Barco. “Haberá determinados pacientes”, continúa, “que nalgunhas ocasións seguirán indo á Ourense,

pero son casos concretos nos que, ao mellor o servizo está máis instaurado ou hai outros seguimentos máis de preto en determinados tipos de

A doutora Iria Pinal, endocrina do Hospital Comarcal Valdeorras



Na imaxe superior, entrada do Hospital Comarcal Valdeorras (HCV), no Barco. Sobre estas liñas, Guillermina Agulla, xerente executiva do hospital valdeorras.

diabete en xente xoven ou en patoloxías máis graves como o cancro de tiroides, pero o común da patoloxía de endocrinoloxía, que é a porcentaxe máis importante, vai poder ser visto aquí, na consulta do Barco coa posibilidade de que, se é necesario facer un seguimento máis estreito, farase. Tamén podería suceder ao revés, que se o paciente pode estar, digamos vivindo en Atención Primaria unha maior cantidade de tempo, o médico de primaria vai ter un maior acceso á especializada de tal xeito que, en momentos puntuais, ese paciente estará en especializada e a maioría do tempo terá un seguimento en atención primaria”.

Ademais da parte clínica, a doutora Pinal destaca a importancia do labor educativo que se pode realizar dende a consulta do especialista. “A parte máis coñecida da patoloxía do

endocrino, e que supón ademais unha maior porcentaxe de pacientes, acostuma ser o exceso de peso e a diabetes, xunto coa patoloxía tiroidea, que tamén é un grupo bastante importante. Pois tanto na obesidade como na diabetes a base da pirámide en canto a tratamentos é a educación da poboación en hábitos hixiénico-dietéticos. Polo tanto, como non funcione esa educación para o cambio de hábitos en alimentación e exercicio, dá igual que eu me empeñe en facer probas e máis probas ou en poñer fármacos. Entón, á educación é clave e en canto o paciente chegue á consulta trátase de ver cales son os seus hábitos e de tentar modificalos na medida do posible”.

Ademais a xerente executiva do HCV adianta que “a nosa pretensión é empezar, ao mesmo tempo, a dar educación diabetolóxica cunha enfermeira adicada a iso, porque é un apoio moi grande á consulta do endocrino. O número de diabéticos é importante, temos unha poboación moi maior e a diabetes tamén aumenta na xente maior coa idade, sobre todo a diabetes tipo 2”.

Por idades, a maior parte dos pacientes que visitan ao endocrino están por riba dos 55-60 anos, “pero cada vez estamos vendo máis xente xoven con problemas de obesidade e diabetes polos cambios nos hábitos de vida, a sociedade industrializada, a comida rápida...”, sinala a doutora Pinal.

Ademais da endocrinoloxía, está previsto que neste mesmo verán se poña en marcha no HCV a especialidade de reumatoloxía, “unha vez se ultime a organización das súas consultas”, segundo o Sergas. “É unha especialidade que nos vén moi ben e que traballa conxuntamente con traumatoloxía e rehabilitación”, asegura Guillermina Agulla.

FOTOS: CARLOS G. HERVELLA